

MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

No seguinte apartado detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), que foi aprobada mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 e publicada por Resolución do 9 de xuño de 2017 (DOG do 20 de xuño de 2017). Posteriormente foi modificada por Resolución do 30 de novembro de 2017 (DOG do 13 de decembro 2017), Resolución do 31 de xullo de 2020 (DOG do 11 de agosto de 2020) e Resolución do 26 de marzo de 2021 (DOG do 7 de abril de 2021).

As modificacións que se propoñen toman como referencia o disposto nos seguintes artigos:

Artigo 38 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia que dispón que “a través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos”.

Artigo 69 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que especifica que “a planificación



dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade”.

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións que se propoñen:

1.- Modificacións xeradas como consecuencia dos artigos 59 e 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2022)

Na Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en materia de xestión recadatoria, establécese a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Axencia Tributaria de Galicia desempeñadas ata o momento polas Zonas de Recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997. Esa asunción producirase a medida que os titulares das zonas se xubilen ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa, e en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2026. Esta medida provocará maior eficiencia nas funcións de recadación das débedas en período executivo, xa que diminuirán os actuais custos de xestión e aumentarán os ingresos tributarios provocado polas sinerxías da xestión centralizada dos expedientes, tales como a aplicación de modernas técnicas informáticas e de intelixencia artificial, o uso de programas informáticos centralizados que realizan tarefas de forma



automatizada e o acceso global á información tributaria.

Segundo o establecido no artigo 60.1 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, relativo á *asunción das funcións de recadación en período executivo pola Axencia Tributaria de Galicia*, esta axencia asumirá progresivamente as funcións de recadación en período executivo en vía de *constrinximento desempeñadas, no momento da entrada en vigor deste artigo, polas zonas de recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.*

O punto 2 do antedito artigo dispón que *as zonas de recadación establecidas ao amparo do artigo 46.3 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, quedarán suprimidas o 1 de xaneiro de 2026, ou no momento anterior á indicada data no caso en que o recadador á fronte dalgunha das devanditas zonas cese no cargo por cumprimento dos 70 anos de idade, de acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona, ou por calquera do resto das causas establecidas nese artigo. No momento da supresión da correspondente zona as súas funcións serán asumidas pola Axencia Tributaria de Galicia.*

O punto 5, establece que *a Axencia Tributaria de Galicia asumirá cos seus propios medios, mediante persoal funcionario, as funcións de recadación desempeñadas polas zonas de recadación, de acordo co establecido nesta disposición.*

Agora ben, asumir e exercer as funcións de recadación executiva



por parte da Atriga supón a necesidade de acometer modificacións nos cadros de persoal para poder distribuír axeitadamente as cargas de traballo e aplicar con eficacia e eficiencia as novas actuacións.

En particular, as modificacións irán encamiñadas a:

- **Servizos centrais:** creación do Departamento de Recadación Executiva, adscrito á Área de Recadación, xunto coa dotación das prazas necesarias e reforzar o Departamento de Planificación do Control Tributario, adscrito á Área de Inspección Tributaria, co obxecto de concentrar, na busca de sinerxías que melloren a eficiencia, as funcións de recadación de débedas en período executivo e as actuacións derivadas destas.

Esta unidade tería atribuída, entre outras, as competencias de comprobación e investigación da existencia e situación dos bens e dereitos dos debedores, de adopción de medidas preventivas e aquelas actuacións materiais desenvolvidas a través de procesos automatizados. Nas restantes actuacións materiais que sexan necesarias estaría asistida polo persoal dos departamentos de recadación das delegacións territoriais.

Respecto as novas funcións do Departamento de Planificación do Control Tributario, pasará a exercer a colaboración coa área de Recadación para a análise e definición de perfís e indicadores de risco recadatorio, así como a colaboración na robotización dos procesos.



- Delegacións da Atriga: creación dunha unidade de recadación executiva dependente do Departamento de Recadación nas distintas delegacións, coa dotación de postos necesarios e estimados en función da área xeográfica sobre a que repercute e, por conseguinte, en función do número de contribuíntes afectados. Estas modificacións iranse desenvolvendo progresivamente na medida en que se vaia suprimindo as Zonas de Recadación.

Na actualidade cómpre acometer a modificación de postos de traballo de servizos centrais e da Delegación da Atriga en Ourense, en tanto que, como consecuencia do disposto na citada Lei 7/2022, a Zona de Recadación de Ourense quedará suprimida o 23 de marzo de 2023, data na que se producirá o cese do recadador desta zona por cumprir os 70 anos. Situación que se producirá tamén nas delegacións de A Coruña e Lugo, antes de que remate o ano, ao cumprir o seu titular 70 anos o 10.09.2023.

CREACIÓNS

1.- Creación de prazas no Departamento de Recadación Executiva, adscrita á Área de Recadación nas dependencias dos servizos centrais da Atriga en Santiago de Compostela

O artigo 59.catro da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modifica, entre outros, o número 2 do artigo 25 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Atriga e se aproba o seu estatuto, e **crea o Departamento de Recadación Executiva**, que exercerá, entre outras, as seguinte funcións:



- a) Planificar a xestión recadatoria executiva que corresponda á Axencia Tributaria de Galicia, para o cal colaborará co Departamento de Planificación do Control Tributario.
- b) A xestión centralizada da recadación executiva.
- c) A coordinación de órganos e unidades que leven a cabo a xestión recadatoria en período executivo.
- d) Tramitar as reclamacións por terzarías que se poidan formular.
- e) Tramitar expedientes de derivación da acción administrativa aos responsables solidarios e subsidiarios e sucesores en período executivo.
- f) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de recadación executiva no ámbito das súas competencias.
- g) Canalizar as relacións con outras administracións públicas e entidades colaboradoras para os efectos de establecer e mellorar as canles de intercambio de información necesarias para o desenvolvemento das competencias de recadación executiva.
- h) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

Por conseguinte, cómpre realizar os axustes necesarios para adaptar a RPT á nova estrutura, así como a creación de prazas necesarias para asumir as competencias e funcións que lle foron



asignadas, o que supón a necesidade de cobertura por persoal de maior cualificación e responsabilidade, e con experiencia en materia tributaria.

Polo que o Departamento de Recadación Executiva quedará composto por unha xefatura de Departamento e unha xefatura de Equipo, ambos de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas, e dúas xefaturas de Negociado, de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrados na área funcional tributaria.

Así, propónse a creación das seguintes prazas segundo as características que se describen:

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE RECADACIÓN. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A20.00.004.15770.030	Xefatura Departamento de Recadación Executiva	A1A2	28	CE	XMF1/XSF1	AXG		390
FC.A20.00.004.15770.035	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/XSF1	AXG		2571
FC.A20.00.004.15770.040	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659
FC.A20.00.004.15770.041	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

Descrición do Corpo/Escala



Código

XSFl Xeral. Esc. Superior Finanzas.

SMFl Xeral. Esc. Técnica Finanzas

Descrición Área Funcional

Código

TRI Tributaria.

2.- Creación de postos no Departamento de Planificación do Control Tributario, adscrito á Área de Inspección Tributaria nas dependencias dos servizos centrais da Atriga en Santiago de Compostela

Derivado da asunción paulatina da recadación en período executivo levada a cabo nas Zonas de Recadación, mudan tamén as funcións do Departamento de Planificación do Control Tributario, que dependen da Área de Inspección Tributaria. Tal e como se reflicte no artigo 59.Tres da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica o número 2.3 do artigo 24 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Atriga e se aproba o seu estatuto, introducindo para o antedito departamento a seguinte función:

e) A colaboración coa Área de Recadación para a análise e definición de perfís e indicadores.

Para atender esta nova atribución competencial, que implica a análise da situación patrimonial e de solvencia dos expedientes asumidos das Zonas de Recadación (26.228 obrigados na



actualidade que se atopan en executiva), é necesario incrementar a dotación de persoal do departamento con dous efectivos (técnico e administrativo).

Un dos efectivos de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas e o segundo de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrado na área funcional tributaria, segundo as características que se describen:

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A20.00.001.15770.018	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FC.A20.00.001.15770.021	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

Descrición do Corpo/Escala

Código

XSF1 Xeral. Esc. Superior Finanzas.

SMF1 Xeral. Esc. Técnica Finanzas

Descrición Área Funcional

Código

TRI Tributaria.



3.- Creación de prazas na Delegación da Atriga en Ourense

Actualmente as actuacións materias da recadación en executiva lévanse a cabo polas Zonas de Recadación (5 en total), que teñen encomendada a recadación executiva das débedas correspondentes aos contribuíntes con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o que implica a notificación das providencias de constrinximento, ditado e notificación de dilixencias de embargo e trabas.

Cada Zona de Recadación está composta por un recadador e por persoal colaborador (no caso concreto da Zona de Ourense, conta con 4,25 efectivos ao compartir unha persoa para as tarefas informáticas con outras tres zonas).

A supresión das Zonas de Recadación supón trasladar as competencias á Atriga. En particular, en canto aos Departamentos de Recadación das delegacións, estes levarán a cabo todas as actuacións materiais relativas aos debedores con domicilio fiscal no seu ámbito territorial, polo que se fai necesaria unha unidade de recadación executiva dependente dos devanditos Departamentos.

No caso concreto que agora nos ocupa, a Delegación da Atriga en Ourense conta con cinco efectivos no Departamento de Recadación, que tramita na actualidade as competencias relativas á recadación voluntaria, a sinatura das providencias de apremio dos seus debedores, a resolución dos recursos de reposición, aprazamentos e fraccionamentos, aplicación de ingresos tributarios, etc.



O número de efectivos que se propón crear para esta Delegación ven determinada en función do volume de débeda cargada e de actuacións realizadas pola Zona de Recadación de Ourense, mantendo o criterio de reparto en función do domicilio fiscal do contribuínte.

Así, a media de providencias de constrinximento cargadas nos últimos catro anos á Zona de Ourense foi de 7.797, que xeraron 4.670 dilixencias de embargo e 10.526 notificacións.

Para desempeñar as novas funcións, debe dotarse á Delegación de Ourense con tres efectivos, dous para o Departamento de Recadación e un deles para reforzar as tarefas de notificacións e, polo tanto, dependente do delegado/a.

Por conseguinte, propónse a creación de unha xefatura de Equipo, de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas, e dúas xefaturas de Negociado, de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrados na área funcional tributaria, tal e como se describen a continuación:

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE OURENSE								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A29.10.000.32001.166	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FC.A29.10.000.32001.169	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659
FC.A29.10.000.32001.012	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659



Descrición do Corpo/Escala

Código

XSF1 Xeral. Esc. Superior Finanzas.

SMF1 Xeral. Esc. Técnica Finanzas

Descrición Área Funcional

Código

TRI Tributaria.

2.- Modificacións xeradas como consecuencia da Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular (BOE núm. 85, do 9 de abril de 2022)

A Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular crea o imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos (IDERES) como tributo cedido do Estado ás Comunidades Autónomas.

Este imposto entrou en vigor o 01/01/2023 en toda España e será xestionado, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia pola Atriga, despois de que se aprobara o Acordo na Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, en sesión plenaria do 26 de setembro de 2022, polo que esta comunidade aceptaba a cesión do mesmo e se fixa o alcance e condicións da mesma, e de que se publicara a Ley



36/2022, de 27 de diciembre, por la que se modifica la Ley 17/2010, de 16 de julio, del régimen de cesión de tributos del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia y de fijación del alcance y condiciones de dicha cesión. (BOE 28/12/22)

Concretamente, a xestión do imposto levarase a cabo de xeito centralizado e, polo tanto, a atribución das funcións de xestión tributaria sobre el serán asumidas polo Departamento de Tributos de Xestión Centralizada, dependente da Área de Xestión Tributaria.

Esta decisión adóptase logo de valorar que, dende o punto de vista da xestión, é moito máis eficiente que o imposto o controle e xestione un único órgano ou unidade, quen xa está a xestionar os outros tributos medioambientais da Comunidade Autónoma, e supón un aforro en custes de persoal, xa que de atribuír as funcións ás delegacións da Atriga habería que crear un número superior de postos de traballo.

Asumir as novas competencias derivadas do IDIRES implica reforzar a Área de Xestión Tributaria con dous novos postos para poder desempeñar adecuadamente as funcións asociadas á debida información e asistencia aos contribuíntes, á comprobación e liquidación tributaria do imposto, ao seguimento e desenvolvemento da súa normativa e a súa interpretación, así como ao deseño, mantemento, seguimento e actualización da información relativa á súa aplicación e máis a necesaria coordinación cos outros órganos administrativos no ámbito tanto tributario como medioambiental.

Por conseguinte, propónse a creación de unha Xefatura de



Equipo, de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas, e unha Xefatura de Negociado, de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrada na área funcional tributaria, coas características que se describen a continuación:

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE XESTIÓN TRIBUTARIA. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./ CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A20.00.002.15770.002	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FC.A20.00.002.15770.004	Xefatura Negociado	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

Código *Descrición do Corpo/Escala*

XSF1 Xeral. Esc. Superior Finanzas.

SMF1 Xeral. Esc. Técnica Finanzas

Descrición Área Funcional

Código

TRI Tributaria.

3.- Amortizacións

3.1.- Amortización de un posto na Delegación da Atriga en



Ourense

A Delegación da Atriga en Ourense conta actualmente con dous postos base Agrupación Profesional; non obstante, ás necesidades actuais de funcionamento desta delegación xustifican a amortización de un dos citados postos, en tanto que resulta suficiente contar cun único efectivo para desenvolver as funcións que lle son propias a este tipo de persoal. Polo que se propón a amortización do seguinte posto:

- Eliminación do posto base Agrupación Profesional, denominación "Subalterno/a" e co código de posto FC.A29.10.000.32001.051 (centro directivo: Delegación da Atriga en Ourense), liña orzamentaria 362.

Este posto de traballo leva vacante dende o 25/12/2018 e non se atopa cuberto por persoal interino.

O crédito liberado coa amortización deste posto irá destinado a financiar as prazas de nova creación xeradas como consecuencia da supresión das zonas de recadación.

3.2.- Amortización de un posto na Delegación da Atriga en Vigo

A Delegación da Atriga en Vigo conta actualmente con un único posto na condición de *Mozo/a*, código FC.A29.10.000.36560.310, de adscrición a persoal laboral grupo V categoría 12, sen que exista ningún outro posto de características similares de adscrición a persoal funcionario.

Este posto está vacante dende o 4/06/2021 por mor da xubilación



da persoa titular que o estaba a desempeñar e non se atopa cuberto por persoal temporal.

Dado o momento temporal no que nos atopamos, no que se están a promover os procedementos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia para aqueles empregados que estean a realizar funcións análogas as do persoal funcionario, considérase procedente propoñer a amortización deste posto coa finalidade de financiar a creación un posto base de Agrupación Profesional que poda desenvolver as tarefas atribuídas ao posto en cuestión, tales como funcións ordinarias de vixilancia, custodia, repartición de correspondencia e documentación, reprografía e outras semellantes.

En consecuencia, proponse:

- **Eliminación do posto base Mozo/a, código FC.A29.10.000.36560.310, de adscrición a persoal laboral grupo V categoría 12 (centro directivo: Delegación da Atriga en Vigo), liña orzamentaria 365.**

4.- Creación

Creación de un posto na Delegación da Atriga en Vigo

A Delegación de Atriga en Vigo non conta na actualidade con ningún posto base de Agrupación profesional. As funcións que lle son propias e que foron aludidas no punto anterior fan



imprescindible dotar a esta delegación de un posto de estas características, toda vez que se amortiza o único posto existente de análoga categoría e de adscrición a persoal laboral.

Co crédito liberado coa amortización do posto de Mozo/a, de adscrición a persoal laboral, proponse a creación dun posto base de Agrupación Profesional segundo se describe:

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE XESTIÓN TRIBUTARIA. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA							
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A29.10.000.36560.169	Subalterno/a	AP	10	C	XERAL	AXG	362

5.- Modificacións no apartado de observacións da RPT actual

No posto que se relaciona a continuación débese eliminar a observación de "ocupado por persoal laboral fixo (DT 11ª da Lei 4/1988 do 26 de maio)", logo da xubilación da persoa que o ocupaba como titular:

- Posto Base Subgrupo C2 (C2), co código de posto FC.A20.00.000.15770.031 (centro directivo: Axencia Tributaria de Galicia)

No posto que se relaciona a continuación débese eliminar a observación de "ocupado laboral fixo", logo da xubilación do persoal laboral que o ocupaba como titular:



- Xefatura Grupo (C1C2), co código de posto FC.A29.10.000.27001.011 (centro directivo: Delegación da Atriga en Lugo)

Concluir manifestando que a asunción das funcións de recadación executiva pola Atriga suporá un importante impacto económico na administración galega, por unha banda, diminuíranse os actuais custos de xestión, pero por outra, incrementarase a eficacia na xestión recadatoria.

Polo que atinxe á repercusións na calidade e na prestación dos servizos públicos, as amortizacións dos postos que se propoñen foron feitas logo de valorar que non inciden negativamente nelas e que teñen por obxecto participar no financiamento das necesidades de crédito xeradas.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

M^a Victoria González Vázquez